

## ACTA DE REUNIÓN XERENCIA-XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DE 10 DE XULLO DE 2009

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

**Vicexerente de Persoal:**  
Ana Comesaña Álvarez

**Vicexerente do Campus de Ourense:**  
Miguel Diéguez Díaz

**Xefa Sección Emprego e Programas:**  
Margarita González Hernández

**Xefa Sección Xestión PAS:**  
M<sup>a</sup> Carmen Pérez Martínez

**Secretario de actas:**  
Rafael Ameneiro Bravo

#### XUNTA DE PERSOAL:

Xoan Cebro Rodríguez  
Sergio Pajares Rodríguez  
María Fariza Nóvoa  
Santiago Santos García

M<sup>a</sup> del Carmen Romo Pérez (desculpa asistencia)  
José Antonio Gándara Pérez (desculpa asistencia)  
Ana Belén Martínez Piñeiro (desculpa asistencia)  
Henrique Macías Cambra (desculpa asistencia)  
María del Carmen Prieto Tobío (desculpa asistencia)  
Teresita Aboal Somoza (desculpa asistencia)  
Benedicta Expósito González (desculpa asistencia)  
José López Pérez (desculpa asistencia)

En Vigo, con data 10 de xullo de 2009, as partes que se relacionan á marxe reúnense ás 12:00 horas na Sala nº1 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais da Universidade de Vigo, Campus Lagoas/Marcosende, previa convocatoria, coa seguinte orde do día:

#### ORDE DO DÍA:

#### Oferta de Emprego.

1. Chégase a acordo sobre as prazas da Oferta de Emprego de PAS Funcionario da Universidade de Vigo.

PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS		
GRUPO	ESCALA	PRAZAS/ ACCESO
A1	Letrado da Universidade de Vigo	1 Acceso libre
A2	Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos da Universidade de Vigo	7 Acceso libre

C2	Auxiliar Administrativa da Universidade de Vigo	40 Acceso libre

Do total da oferta de emprego reservarase un 7% para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A distribución por grupos será a seguinte:

Escala Auxiliar Administrativa da Universidade de Vigo: 3 prazas

O sistema de acceso será o de concurso-oposición.

2. Ábrese un debate sobre os temarios. A Xerencia entrega proposta de temarios para os tres grupos. Quedan pendentes para a seguinte reunión.

3. Preséntase proposta pola Xunta de Persoal de sistema de acceso.

1º exercicio: Tipo test cun 30 % da puntuación (30 puntos), debendo obterse para superar o exercicio o 50% da puntuación da nota máis alta.

2º exercicio: Supostos prácticos cun 30% da puntuación (30 puntos), sendo necesario obter 15 puntos para superalo, deixando a criterio do tribunal o número de respostas correctas necesarias para superar o exercicio.

3º exercicio: Proba práctica de informática cun 10% da puntuación (10 puntos), sendo necesario obter 5 puntos para superalo, deixando a criterio do tribunal o número de respostas correctas necesarias para superar o exercicio.

4º exercicio: Obrigatorio e eliminatorio de lingua galega, cun 15% da puntuación, (15 puntos), sendo necesario obter 7,5 puntos para superalo.

Fase de concurso: para os aspirantes que superaron a fase de oposición, cun 15% da puntuación (15 puntos), que outorgarase polo traballo desenvolvido na Universidade de Vigo, con 0'15 puntos por mes traballado en funcións administrativas, nas universidades galegas, con 0'05 puntos por mes traballado en funcións administrativas, e noutras administracións, con 0'01 puntos por mes traballado en funcións administrativas.

Pola administración infórmase de que a proposta feita con respecto ao galego pon en risco a seguridade xurídica do proceso, polas recentes reformas legais.

A CIG levántase da reunión, e expresa que non negociará por partes, negándose a asinar a acta.



The image shows five handwritten signatures in blue ink. The top row contains three signatures: a large, stylized 'C' on the left, a signature in the middle, and a signature on the right. The bottom row contains two signatures: one on the left and one on the right. The signature on the right of the bottom row is clearly legible and reads 'R. Camacho Perez'.